URBANISMO
Arquitectas e enxeñeiras civís

Carmen Cabrerizo
«Existen gromos de machismo impropios dunha sociedade madura, ás veces entre a mocidade, o cal é preocupante, e por isto mesmo está ben pararse un día ao ano, o 8 de marzo, e recordalo».

coacm.es

Jane Butzner Jacobs
Humanizou a cidade a través do feminismo.

lascoltas.com

María Pilar Sancho Marco
Desenvolveu múltiples proxectos de construción, recuperación e rehabilitación, plans xerais de ordenación e plans especiais urbanísticos nunha época totalmente masculina na arquitectura.

coaaragon.es

Febreiro 2024
Tempo de mulleres, mulleres no tempo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
			1 1936 Nace Andreina Emeri, feminista, avogada e líder política italiana do Tirol do Sur. Capaz de articular un movemento de mulleres polos seus dereitos e o recoñecemento social que impulsou moitas iniciativas públicas feministas.	2 1957 Falece en San Francisco Julia Morgan. Un terzo das súas construcións foron encargo das organizacións de mulleres feministas.	3 1953 Falece Sophia Hayden Bennet, arquitecta chilena recoñecida por ser a primeira muller graduada do Instituto Tecnolóxico de Massachusetts.	4 1967 Falece Violeta Parra cantautora recompiladora de folklore e artista plástica chilena. Foi modelo para autoras e autores posteriores.
5 1999 Falece Carmen de Rafael Marés. Escritora catalá comprometida coa condición da muller na posguerra española.	6 Día Internacional TOLERANCIA CERO coa MUTILACIÓN XENITAL FEMININA. 2012 Falece Norma Merrick Sklarek, arquitecta afroamericana que obtivo logros para as mulleres negras na arquitectura.	7 1989 Nace Paula Macone Martínez en Elche. Arquitecta que participa en proxectos de ámbito público en Bruxelas, como a estación de metro Toots Thielemans.	8 1922 Nace Erika Burkart en Suiza. Foi unha escritora e poeta suíza gañadora de importantes premios literarios.	9 1939 Reyes Campo Alarcos, sub-capataza ferroviaria que foi inhabilitada do seu traballo este día pola lei de responsabilidades políticas da represión francesa.	10 1901 Nace Mariblanca Sabas Alomá en Cuba. Feminista, xornalista e poeta cubana. Os seus escritos están dedicados á causa dos dereitos da muller, en particular do dereito ao voto.	11 Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia. 1872 Nace Rita de Moraes Sarmento en Portugal, enxeñeira civil, a primeira muller en obter este grao académico en Portugal.
12 2016 O Xurado da XIII Bienal Española de Arquitectura premia a proposta de Guadalupe Piñero e Jesús Irisarre *Rehabilitación de catro edificios para Sede dos Rexistros da Propiedade en Vigo.*	13 2000 Morre Rosa Barba Casanovas que fundou en 1993 o Centro de Investigación e Protección da Paisaxe.	14 1871 Nace Marion Lucy Mahony Griffin en Chicago. Foi unha arquitecta estadounidense das primeiras mulleres en graduarse en arquitectura no prestixioso Instituto Tecnolóxico de Massachusetts.	15 2015 Falece Angeza Shinwari en Afganistán. Foi unha aberta defensora dos dereitos das mulleres.	16 2023 Falece Pilar Morala Bueno, primeira decana do Colexio Oficial de Arquitectura de León.	17 1848 Falece Giuseppina Turrisi Colonna, poetisa siciliana revolucionaria e erudita incansábel.	18 1947 Nace Úrsula Heredia Lagunas en Zaragoza. Foi unha das primeiras arquitectas municipais de Zaragoza.
19 2018 Falece Teresa Gisbert Carbonell. Foi unha investigadora, arquitecta, restauradora e historiadora boliviana.	20 1987 Nace Cara Lorenzo Díaz, en La Palma. O seu traballo está ligado ao *"Parque Arqueolóxico e Etnográfico: Cabanas do Barranco das Ovellas"*.	21 1837 Nace Rosalía de Castro en Santiago de Compostela. Ocupa un lugar importante dentro da lírica española do século XIX.	Día Europeo pola igualdade salarial de mulleres e homes. 22 2022 Laura Sanchís Estruch, arquitecta en Palma gaña o concurso do IBAVI para 60 vivendas de protección oficial en Ibiza.	23 1889 Nace Jeanne Roques en París. Coñecida artisticamente baixo o pseudónimo de Musidora. Foi actriz, directora, escritora, produtora e realizadora francesa.	24 2014 Morre Alexis Hunter, pintora e fotógrafa de Nova Zelanda que utilizou a teoría feminista no seu traballo.	25 1932 As Cortes republicanas españolas aproban a *Lei do Divorcio*, primeira na historia do país.
26 2011 Falece Martha Ferro, xornalista, poeta, monicrequeira, militante lesbofeminista e socialista arxentina. Unha das precursoras do movemento lesbio na Arxentina dos anos 70-80.	27 1935 Nace Eleanor Antín, feminista estadounidense. Artista de performance, cineasta, artista de instalacións e artista conceptual.	28 1903 Falece Sarah Emily Warren Roebling. Convértese na primeira enxeñeira xefa para a construción da ponte de Brooklyn.	29 1892 Nace Ana María Ibars Ibars en Valencia. Foi escritora e mestra que escribiu poemas e narracións en español e en valenciano.			

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG